



Resolución do 11 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se regulan os Contratos-Programa Innova (CPInnova) para fomentar a innovación educativa nos centros docentes públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade para o curso 2021/22.

A Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, de educación, inclúe entre os seus obxectivos para adaptar o sistema educativo aos retos actuais un enfoque transversal orientado a que todo o alumnado teña garantías de éxito na educación por medio dunha dinámica de mellora continua dos centros educativos e unha maior personalización da aprendizaxe. Así mesmo, establece como un dos seus principios o fomento e a promoción da investigación, a experimentación e a innovación educativa.

O artigo 120.3 establece que as Administracións educativas favorecerán a autonomía dos centros de forma que os seus recursos económicos, materiais e humanos poidan dar resposta e viabilidade aos proxectos educativos e propostas de organización que elaboren, unha vez que sexan convenientemente avaliados e valorados. Igualmente, o apartado 4 do devandito artigo sinala, entre outros aspectos, que os centros, no exercicio da súa autonomía, poden adoptar experimentacións, innovacións pedagóxicas, programas educativos, plans de traballo e formas de organización.

Tanto o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, como o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, poñen en valor o principio de autonomía dos centros, que lles permite desenvolver o seu proxecto educativo, no que se especifican os valores, obxectivos e prioridades de actuación. A innovación, dirixida á mellora permanente, enténdese como un instrumento de cambio e transformación do sistema educativo que permite garantir o éxito do





alumnado e reducir o abandono escolar. É máis, a innovación en educación debe ser o instrumento que facilite que o alumnado desenvolva as habilidades e competencias básicas necesarias no século XXI.

Neste sentido, a iniciativa de Contratos-Programa Innova (en diante CPIInnova) trata de constituír un instrumento de apoio aos centros para que, dentro da súa autonomía, poidan desenvolver un plan de mellora no que se permita, en función das necesidades detectadas e do proxecto educativo, potenciar, de forma prioritaria, o desenvolvemento das competencias clave, afondar no logro da excelencia educativa, incentivar o talento do seu alumnado, promover hábitos de vida saudables, impulsar unha educación para o desenvolvemento sostible e mellorar a xestión dos centros.

Nesta liña, e seguindo as directrices do Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica no que se establece una clara aposta polos centros con espazos máis saudables, edificios máis integrados coa contorna e a paisaxe, e cun claro obxectivo de mellora da súa sostibilidade, os CPIInnova supoñen unha ferramenta máis, posta ao servizo dos proxectos educativos dos centros docentes.

Con este fin, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade facilita aos centros novos instrumentos que lles permitirán acadar os logros que perseguen. Os novos CPIInnova dan mostra do compromiso da administración educativa por ofrecer aos centros educativos oportunidades e recursos para desenvolver os seus proxectos dende un enfoque innovador, e seguir afondando na procura de estratexias para cambiar dinámicas e adoptar enfoques metodolóxicos novidosos.

En definitiva, o fin último é lograr unha educación de calidade para todo o alumnado, desenvolver o máximo posible as súas potencialidades e, xa que logo, contribuír á mellora da calidade de todo o sistema educativo de Galicia.

Sendo así, e para avanzar na traxectoria vinculada ao logro do éxito educativo





emprendida en cursos anteriores e seguir reforzando a autonomía dos centros, é necesario establecer unha nova convocatoria de Contratos-Programa centrada na innovación que, aproveitando a experiencia acumulada, facilite a posta en marcha de plans específicos de mellora deseñados polos propios centros para o éxito escolar do seu alumnado.

De acordo co anteriormente exposto, esta Secretaría xeral RESOLVE:

Apartado 1. Obxecto

Esta Resolución ten por obxecto regular os CPIInnova e establecer as condicións para desenvolver nos centros docentes públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade plans para o logro do éxito educativo dirixidos á mellora permanente, a través da implementación de programas que promovan a innovación na adquisición das competencias clave, o afondamento nas aprendizaxes nun ámbito de coñecemento segundo os intereses do alumnado, o aproveitamento do talento potencial da mocidade, o fomento dos hábitos de vida saudables, a educación ambiental e a mellora da xestión educativa e administrativa dos centros durante o curso escolar 2021/22.

Apartado 2. Ámbito de aplicación

Poderán participar nesta convocatoria os seguintes centros docentes públicos dependentes:

1. Escolas de educación infantil.
2. Colexios rurais agrupados.
3. Centros de educación infantil e primaria.
4. Centros de educación primaria.





5. Centros de educación especial.
6. Centros públicos integrados.
7. Institutos de educación secundaria.
8. Centros integrados de formación profesional.
9. Centros públicos de educación e promoción de adultos.

Apartado 3. Plan de centro para a mellora do éxito educativo en materia de innovación educativa

Os centros deberán elaborar un plan para a mellora do éxito educativo do alumnado, a través da implementación de medidas innovadoras, dirixidas á mellora permanente, sobre unha ou varias das modalidades establecidas no apartado 5.

Este plan deberá prever a posibilidade de que as medidas nel establecidas se desenvolvan, de ser o caso, en réxime presencial, semi-presencial ou a distancia, tanto no caso do alumnado como do profesorado, establecendo os procedementos a seguir en cada un destes escenarios e garantindo, deste xeito, o seu desenvolvemento, seguemento e avaliación.

Apartado 4. Obxectivos do plan

O plan, en función das modalidades que o integren, deberá ter os seguintes obxectivos:

1. Dar resposta á análise da realidade educativa e do funcionamento do centro para identificar as necesidades e melloras necesarias.
2. Implementar proxectos de innovación que conduzan a unha mellora da calidade educativa do centro.
3. Garantir, nas etapas de ensino obrigatorio, a adquisición das competencias





clave de todo o alumnado aplicando metodoloxías innovadoras.

4. Incorporar á práctica educativa os principios de calidade, equidade e excelencia.
5. Apoiar o afondamento na aprendizaxe dalgún ámbito de coñecemento partindo dos intereses do alumnado, así como do aproveitamento do seu potencial talento.
6. Fomentar os hábitos de vida saudables.
7. Capacitar ao alumnado para desenvolver un comportamento ambientalmente responsable.
8. Afondar na mellora da calidade na xestión dos centros.
9. Desenvolver novas habilidades, destrezas e competencias que permitan ao alumnado prepararse para traballos que aínda non existen, e para o uso de novas aplicacións e ferramentas, así como afrontar problemas futuros.

Apartado 5. Modalidades do plan

O plan poderá desenvolver todas ou algunha/s da/s modalidade/es que se relacionan a continuación, considerando as necesidades e os intereses do alumnado, e dos centros docentes solicitantes.

1. O centro docente como entorno innovador de aprendizaxe a través da mellora permanente. (EDUinnova)

A innovación educativa supón a achega de ferramentas aos estudantes para afrontar os desafíos do mundo actual, non no sentido de saberes estancos, senón como competencias que posibilitan o desenvolvemento de novas capacidades e estratexias que apuntan á mellora continua.

Co obxecto de que o alumnado faga fronte con éxito ás constantes transformacións da sociedade, todas as persoas deben incorporar coñecementos, capacidades, competencias e actitudes que lles permitan acadar o pleno desenvolvemento





persoal e social e continuar aprendendo ao longo de toda a vida.

1.1. Descrición da modalidade

Esta modalidade incorporará metodoloxías activas que sitúen ao alumnado como protagonista da súa aprendizaxe, favorecendo o desenvolvemento máximo das súas capacidades, e que fomenten o traballo interdisciplinar e en equipo.

Esta modalidade incorporará aquelas innovacións metodolóxicas que incidan na adquisición de polo menos unha das seguintes competencias clave:

- a) Comunicación lingüística.
- b) Competencia matemática.
- c) Competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- d) Competencia dixital.

Esta modalidade será desenvolvida polo profesorado do centro dentro do horario lectivo de cadansúa área, materia ou módulo.

1.2. Obxectivos

- a) Aplicar metodoloxías innovadoras que faciliten a adquisición das competencias clave por parte do alumnado.
- b) Ofrecer ao alumnado metodoloxías didácticas diversificadas e activas para garantir o desenvolvemento máximo do seu potencial e a personalización da aprendizaxe.
- c) Mellorar a competencia matemática, as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, a competencia en comunicación lingüística e a competencia dixital.
- d) Axudar ao alumnado a acadar o nivel de referencia nas capacidades básicas.





e) Elevar os niveis de éxito escolar.

1.3. Destinatarios/as

O alumnado que curse as etapas de Educación Infantil, Primaria, Secundaria Obrigatoria e Formación Profesional Básica.

2. O centro docente como promotor da excelencia a través do afondamento nun ámbito de coñecemento. (EDUexcelencia)

A procura dunha educación personalizada baséase na promoción do óptimo resultado posible para cada persoa. Promover a excelencia equivale a facilitar os recursos educativos necesarios que permitan a cada alumno e alumna chegar tan lonxe, tan rápido, con tanta amplitude e con tanta profundidade como a súa competencia lle permita.

Nesta liña, cando se centran accións nunha área definida polos seus intereses e capacidades, aumenta a motivación do alumnado, que incrementa o seu compromiso, progresa na súa aprendizaxe e fornece as súas capacidades e competencias.

O futuro consiste en construír un ensino desde as paixóns e capacidades do alumnado que o axude a personalizar a súa aprendizaxe e a súa avaliación, de forma que se fomente o talento. Trátase de motivar aos estudantes para que sexan enxeñosos.

2.1. Descrición da modalidade

Con esta modalidade trátase de dar resposta aos intereses comúns de aprendizaxe dun determinado número de alumnado. Supón unha personalización da aprendizaxe na que se desenvolverán iniciativas de afondamento nos coñecementos do alumnado partindo dos seus intereses e potenciais talentos. Ao longo do curso





traballárase de forma cooperativa nun proxecto co fin de obter un produto final.

Esta modalidade poderase desenvolver dentro ou fóra do horario lectivo.

2.2. Obxectivos

- a) Atender os intereses do alumnado, ofrecéndolle respostas personalizadas para avanzar na súa aprendizaxe.
- b) Mellorar o nivel de coñecementos do alumnado participante, para desenvolver ao máximo o seu talento e potencial de aprendizaxe, así como elevar os niveis de excelencia do sistema educativo.
- c) Contribuír a unha maior personalización da aprendizaxe que garanta o éxito na educación.

2.3. Destinatarios/as

Alumnado de educación primaria, de educación secundaria e de formación profesional básica matriculados en CEP, CEIP, CPI ou IES, que conten con alumnado que presenta un destacado interese en profundar na aprendizaxe dun determinado ámbito de coñecemento.

3. O centro como dinamizador de hábitos de vida saudables (EDUsaúde)

O benestar físico e emocional do alumnado é decisivo para a consecución dunha aprendizaxe efectiva. Dispor dunha información fundada sobre a saúde permite, ademais, contar cun xuízo válido para tomar decisións responsables sobre o coidado da propia saúde, a prevención de enfermidades ou a mellora da calidade de vida. Os centros educativos son institucións vitais para contribuír ao benestar físico e alimentario, polo que cómpre impulsar tanto a actividade física como os hábitos alimentarios ligados a unha vida saudable para que poidan ser mantidos ao longo da vida.





3.1. Descrición da modalidade

Conxunto de actividades, medidas organizativas e/ou metodolóxicas deseñadas para o fomento dos hábitos de vida saudables do alumnado durante o horario lectivo.

Con esta modalidade preténdese, por un lado que o alumnado adquira hábitos alimenticios saudables; e por outro lado que incremente o cómputo total de actividade física efectiva desenvolvida ao longo do día, dentro do horario lectivo. Todo elo, máis alá das áreas, materias ou módulos específicos.

3.2. Obxectivos

- a) Adquirir, por parte do alumnado, hábitos alimentarios saudables.
- b) Procurar un entorno alimentario saudable dentro do centro docente que promova e facilite unha dieta diversificada, equilibrada e sa.
- c) Orientar ás familias na selección de alimentos saudables para o consumo do alumnado no centro docente.
- d) Incentivar a adquisición autónoma de produtos alimenticios saudables, promovendo unha selección informada dos mesmos.
- e) Incrementar a actividade física efectiva diaria do alumnado ao longo do horario lectivo.
- f) Implantar estratexias e metodoloxías de aprendizaxe que permita a coexistencia da práctica de actividade física co normal desenvolvemento das sesións lectivas.
- g) Favorecer e promocionar a práctica de actividade física nos períodos de lecer, dentro e fóra do centro.

3.3. Destinatarios

O alumnado que curse as etapas de Educación Infantil, Primaria, Secundaria Obrigatoria e Formación Profesional Básica.





4. O centro educativo comprometido cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS). (EDUsostibilidade)

A transición ecolóxica constitúe un dos núcleos centrais da Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050 e doutros organismos internacionais para os vindeiros anos. A transformación cara a unha economía sostible desde o punto de vista medioambiental, circular e climáticamente neutra, ten un carácter transversal, polo que depende do compromiso de todos os colectivos da sociedade.

Neste sentido, débese garantir que todo o alumnado adquira os coñecementos teóricos e prácticos necesarios para promover o desenvolvemento sostible, e paralelamente fomentar a sensibilización, a concienciación e a educación de calidade, xa que son fundamentais de cara a formar unha cidadanía que participe activamente para afrontar o cambio climático e garantir un desenvolvemento sostible.

4.1. Descrición da modalidade

Conxunto de medidas organizativas, metodolóxicas ou de actividades deseñadas para que os centros educativos evolucionen cara a un funcionamento ambientalmente responsable, e desenvolvan unha educación práctica para o desenvolvemento sostible, que impulse a concienciación e a adquisición de hábitos no alumnado, encamiñados a construír unha sociedade futura próspera, sostible ambientalmente e involucrada contra o cambio climático.

Esta modalidade poderase desenvolver dentro ou fóra do horario lectivo.

4.2. Obxectivos

a) Poñer en práctica conceptos educativos sobre desenvolvemento sostible e cambio climático, a fin de capacitar ao alumnado para adquirir un comportamento ambientalmente responsable.





b) Familiarizar ao alumnado coas fontes de enerxía sostibles e non contaminantes, imprescindibles para combatir o cambio climático e que aportan beneficios de carácter económico e medioambiental.

c) Contribuír, dende os centros docentes, a lograr que as cidades, pobos e aldeas sexan espazos inclusivos, seguros, resilientes e sostibles, intentando reducir o seu impacto negativo, atendendo á calidade de aire, xestión de residuos, amortiguar posibles desastres e protexer o patrimonio cultural e natural.

d) Concienciar ao alumnado sobre a necesidade de conservar e protexer os ecosistemas tanto mariños como terrestres, reducindo a contaminación, restaurando os ecosistemas danados, evitando a perda de diversidade biolóxica ou promovendo unha xestión sostible dos recursos que nos proporcionan.

4.3. Destinatarios/as

Alumnado escolarizado nos centros que se relacionan no apartado 2 desta Resolución.

5. O centro educativo como modelo de calidade a nivel organizativo, de xestión e de funcionamento (EDUcalidade)

A autonomía dos centros para adoptar decisións sobre a súa organización e funcionamento e a potenciación da función directiva son factores clave para a promoción da calidade do sistema educativo.

É necesaria unha avaliación inicial que permita identificar a realidade do centro e o seu contexto para deseñar accións de calidade educativa que teñan por obxecto o fomento e a promoción da calidade nos centros.

5.1. Descrición da modalidade

Conxunto de medidas ou accións para incrementar a calidade educativa e de





xestión dos centros docentes, baseadas na avaliación das propias necesidades e coa determinación dun sistema de avaliación e control dos logros acadados.

5.2. Obxectivos

- a) Levar a cabo unha mellora na calidade da xestión administrativa do centro.
- b) Dar resposta ás necesidades detectadas no centro para a implantación de accións de calidade educativa.
- c) Incrementar a competencia dixital da comunidade educativa do centro, de tal xeito que cada colectivo adquira as competencias dixitais necesarias para o desempeño dunha labor educativa de calidade.
- d) Avaliar os logros acadados no proceso de mellora das competencias dixitais da comunidade educativa.

5.3. Destinatarios

Os centros relacionados no apartado 2 desta Resolución, agás os centros integrados de formación profesional.

Apartado 6. Elaboración do plan e requisitos

1. O plan que elabore o centro para a mellora do éxito escolar concretará as medidas, actividades e/ou accións que se pretenden desenvolver nas modalidades que se establecen no apartado 5, e identificará para cada unha delas, os seguintes aspectos:

- a) Introducción.

Neste apartado xustificárase a necesidade de poñer en marcha o Plan de Mellora no centro.





b) Análise DAFO.

Neste apartado determinaranse as Debilidades e Ameazas detectadas na avaliación de necesidades feita polo centro, así como as Fortalezas e Oportunidades observadas que sexan relevantes para o desenvolvemento con éxito do Plan de Mellora.

c) Obxectivos do Plan de Mellora.

Neste apartado estableceranse os obxectivos que se pretenden acadar ao finalizar o curso, logo de aplicar o Plan de Mellora.

d) Indicadores de logro.

O centro deberá establecer indicadores de logro do Plan de Mellora, obxectivos e medibles, que permitan comprobar os avances acadados ao finalizar o curso. Estes indicadores serán a meta a alcanzar, de tal xeito que fagan posible verificar ao final o grado de consecución de, a lo menos, cada obxectivo do Plan de Mellora.

2. O plan concretará para cada unha das modalidades establecidas no apartado 5, nas que participe, os seguintes aspectos:

- a) Medidas a desenvolver na modalidade.
- b) Número de alumnado ao que vai destinado.
- c) Grupos que van participar.
- d) O horario e a temporalización das accións a desenvolver.
- e) Orzamento.
- f) Indicadores de logro.
- g) Compromisos adquiridos polos participantes (centro, profesorado, axentes sociais, outras administracións, ...) no Plan de Mellora.
- h) Número de profesorado implicado.





3. O Plan de Mellora será elaborado polo equipo directivo que, previamente, deberá realizar unha análise DAFO para identificar as necesidades de mellora do centro.

4. Será responsabilidade da dirección do centro o cumprimento do contrato nas modalidades nas que se participe, así como a difusión do seu desenvolvemento entre a comunidade educativa.

5. A inspección educativa informará a solicitude a través da aplicación específica de CPInova.

Apartado 7. Compromisos de carácter xeral

O centro docente co que se acorde o desenvolvemento dun plan de mellora do éxito escolar, ademais dos compromisos consecuencia das modalidades que constan nel, deberá asumir os seguintes:

1. Realizar un seguimento periódico das modalidades previstas no plan, cando menos con carácter trimestral, e reflectir documentalmente nunha acta as circunstancias e os resultados acadados. Nestas sesións de seguimento deberá participar polo menos unha persoa do equipo directivo, e unha persoa participante en cada unha das modalidades do CPInova.

2. Recollerase a planificación e avaliación do CPInova na Programación Xeral Anual (PXA), así como na memoria final. No caso de que a PXA xa estivese aprobada, deberase engadir unha modificación ou addenda desta que recolla a participación do centro en cada unha das modalidades concedidas.

3. O equipo directivo e o persoal docente implicado terá que participar nas actividades de formación e/ou difusión que se planifiquen tanto desde o centro como desde a Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

4. A selección dos centros realizada ao amparo desta Resolución publicárase no





portal educativo (<http://www.edu.xunta.gal/portal/>) e no apartado *Documentación* da páxina web de CPIInnova (<http://www.edu.xunta.gal/portal/Contratos-Programa>).

5. Os centros seleccionados para participar en CPIInnova, farán visible o logo do CPIInnova nos documentos do centro vinculados co contrato-programa, na páxina web do centro e/ou en calquera outro soporte de difusión empregado.

Apartado 8. Actuacións de carácter xeral da Administración educativa

A Administración educativa, na procura da mellora do sistema educativo, desenvolverá nos centros cos que acorde a implantación dos plans previstos nesta resolución, actuacións como as que seguen:

1. Apoios por parte da Administración educativa.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade daralle apoio específico aos centros docentes que desenvolvan plans dos previstos nesta Resolución, polo menos, nos seguintes aspectos:

a) Asesoramento a través dos servizos de inspección educativa de acordo coa planificación que estableza a Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional.

b) Asesoramento e asistencia da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional.

c) Formación específica ao equipo directivo e ao profesorado implicado no plan, de ser o caso.

Unha medida específica será a realización por parte dos centros docentes que se incorporen a este programa dun Plan de Formación Permanente do Profesorado (PFPP) único e transversal, relacionado con todas as modalidades nas que se participe.





d) Potenciación do traballo en rede dos centros docentes para o intercambio de coñecementos e experiencias.

2. Difusión das boas prácticas que se desenvolvan nos centros docentes.

As boas prácticas identificadas no desenvolvemento dos plans nos diferentes centros poderán ser divulgadas, en colaboración cos propios centros docentes, co fin de constituír modelos de referencia de organización e xestión destes.

3. Recursos.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade, dentro das súas dispoñibilidades orzamentarias, poderá dotar aos centros dunha asignación orzamentaria.

De ser o caso, as actividades e medidas propostas en CPIInnova que coincidan coas desenvolvidas por medio doutros plans ou programas promovidos por esta consellería non poderán ser obxecto de financiamento adicional.

Apartado 9. Proceso e prazo de solicitude

1. Todo o procedemento de solicitude realizarase a través da aplicación informática <https://www.edu.xunta.es/programaseducativos/>.

Previo á presentación da solicitude do CPIInnova, a dirección do centro deberá informar o Claustro de Profesorado e contar coa aprobación do Consello Escolar/Social, de acordo coas súas competencias.

A persoa responsable da dirección do centro, ou persoa autorizada, será quen teña o permiso de creación e presentación da solicitude. O documento que recolla o plan para a mellora do éxito escolar terá que ser cuberto igualmente na aplicación de CPIInnova no prazo establecido ao efecto, non tendo que remitilo por ningunha vía.





2. Presentada a solicitude e o plan, examínase para comprobar se reúne os requisitos esixidos. En caso contrario, requírase ao solicitante para que emende e/ou complete os datos que falten co fin de axustar a solicitude aos requirimentos da convocatoria.

3. O prazo de presentación de solicitudes e do plan de mellora comeza o día seguinte ao de publicación desta resolución e remata o 17 de setembro de 2021, ambos incluídos.

Apartado 10. Criterios de selección dos plans

Os centros beneficiarios dun plan de mellora serán seleccionados conforme aos seguintes criterios:

1. A concreción e viabilidade dos obxectivos que se pretenden acadar, das accións previstas e do proceso de avaliación.
2. O grao de implicación do profesorado dos centros participantes nas diversas modalidades do CPIInnova.
3. A calidade do proxecto presentado para a participación no CPIInnova, e que cumpra cos requisitos da convocatoria.
4. O informe favorable da inspección educativa.
5. Implicación das familias, do concello e doutras institucións para o desenvolvemento do plan, de ser o caso.
6. A coordinación e implicación dos centros adscritos, ou aos que están adscritos, para a transición do alumnado desde a educación primaria á educación secundaria obrigatoria.
7. Calquera outro que determine a Comisión de Selección, de ser o caso.

Apartado 11. Comisión de selección





1. Baixo a presidencia da persoa titular da Subdirección Xeral de Innovación, Orientación e Formación de Recursos Humanos, ou persoa en quen delegue, constituirase unha comisión de selección que se encargará de valorar as solicitudes.
2. A comisión estará integrada polas persoas titulares da Subdirección Xeral de Ordenación, Inspección e Avaliación do Sistema Educativo, as persoas titulares das xefaturas do Servizo Territorial de Inspección Educativa, a persoa titular da xefatura do Servizo de Innovación e Formación dos Recursos Humanos, e dúas persoas asesoras da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, unha delas realizará as funcións de secretaría. As persoas subdirectoras poderán ser substituídas por xefes/as de servizo, se é o caso.
3. A comisión poderá dispoñer a constitución dunha comisión técnica, integrada por persoas asesoras da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, para efectos de elaboración de informes sobre os plans de mellora presentados.
4. A percepción de asistencias destas comisións atenderá á categoría correspondente segundo o disposto no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia.

Apartado 12. Procedemento de selección dos plans de mellora

1. A Consellería de Cultura, Educación e Universidade, á vista dos plans presentados polos centros, seleccionará aqueles que, respondendo aos requisitos establecidos nesta convocatoria, sexan viables na súa execución e no marco dos recursos dispoñibles.
2. A comisión de selección concretará cos centros docentes todos aqueles aspectos dos plans seleccionados que se plasmarán no contrato.





Apartado 13. Resolución

1. Unha vez rematado o procedemento de selección dos plans e realizada a concreción dos CPIInnova, a comisión fará pública a resolución provisoria, que se difundirá no portal educativo (<http://www.edu.xunta.gal/portal>) e no apartado *Documentación* da páxina web de CPIInnova (<http://www.edu.xunta.gal/portal/Contratos-Programa>).

2. A publicación da resolución provisional abrirá un prazo de cinco días hábiles para efectuar reclamacións ou renuncias, dirixidas á Consellería de Cultura, Educación e Universidade, Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, que deberán presentarse obrigatoriamente por medios electrónicos na Sede Electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>) a través do formulario correspondente ao procedemento de presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado (código PR004A) que se deberá identificar coa denominación “CPIInnova”, xunto coa documentación complementaria. Para a presentación das reclamacións ou renuncias poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365>).

Transcorrido este prazo, unha vez estudadas e, se é o caso, atendidas as mencionadas reclamacións e/ou renuncias, a comisión seleccionadora elevará a proposta definitiva á persoa titular da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional que resolverá a relación final dos plans seleccionados.

3. A resolución definitiva dos centros seleccionados publicarase no portal educativo (<http://www.edu.xunta.gal/portal>) e no apartado *Documentación* da páxina web de CPIInnova (<http://www.edu.xunta.gal/portal/Contratos-Programa>).





4. Contra esta resolución poderán interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no portal educativo, de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente o recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

5. O prazo máximo para resolver este procedemento será de tres meses. Se transcorrese o citado prazo sen que recaese resolución expresa, os interejsados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

Apartado 14. Formalización do CPIInnova

Os centros que sexan autorizados para o desenvolvemento dun plan de mellora asinarán coa Consellería de Cultura, Educación e Universidade un contrato-programa, que recolla as modalidades do plan e os acordos entre o centro e a consellería.

O contrato-programa explicitará, cando menos, o seguinte:

1. Os obxectivos que se perseguen, mediante os indicadores acordados, para cada modalidade.
2. As modalidades que se inclúen no plan.
3. Os compromisos do centro docente.
4. As actuacións e achegas da Administración educativa.
5. A comisión de seguimento.





Apartado 15. Seguimento e avaliación do CPIInnova

1. O equipo directivo do centro supervisará o desenvolvemento do plan de mellora conforme ao proceso de seguimento e avaliación establecido no apartado 7.1, e dará conta aos órganos de participación e goberno, aos pais, nais ou titores/as legais, así como ás institucións que participan nel.

2. A inspección educativa realizará ao longo de cada curso académico, de acordo coa planificación que estableza a Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, o seguimento e a avaliación das diferentes modalidades previstas no plan, e deberá informar no caso de que lle sexa solicitado pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

3. A avaliación do plan realizada polo centro docente reflectirase nunha memoria final de realización obrigatoria que, ademais de servir para dar conta ante a comunidade educativa, porase a disposición da comisión de seguimento do acordo e incluírase, así mesmo, na memoria anual do centro. Esta memoria cubrirase directamente na aplicación de CPIInnova no prazo establecido ao efecto, e poderá incorporar (a través de ligazóns, imaxes...) mostras do produto final acadado que permitan constatar o desenvolvemento axeitado do plan. Non será necesario enviar a memoria por ningún outro medio.

4. O centro docente ten que certificar o valor conseguido nos indicadores que establece o acordo e achegar a documentación que lle sexa requirida pola comisión de seguimento.

Apartado 16. Certificación de participación

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade e certificará, cumpridos os requisitos establecidos na convocatoria, a participación do profesorado do centro directamente implicado no plan de mellora como actividade de innovación educativa





con 20 horas de formación do profesorado. Esta certificación estará supeditada á avaliación positiva da memoria e á participación activa nas accións desenvolvidas.

Emitirase unha única certificación por docente, independentemente do número de modalidades nas que participe e do rol que desempeñe nelas.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade difundirá, se procede, as boas prácticas derivadas da aplicación dos plans de mellora en función dos resultados do seu seguimento e avaliación.

Apartado 17. Información básica sobre protección de datos de carácter persoal

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Educación e Universidade, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da carpeta do cidadán.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme á normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas e esta circunstancia reflectirase no devandito formulario.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas, organismos e/ou entidades que participan neste plan no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha





materia.

A fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme ao descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de Datos ou a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais

En Santiago de Compostela

Jose Luis Mira Lema

Secretario Xeral de Educación e Formación Profesional

